

ACTA NÚM. 07/2025.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2025.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 8 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.

-. PP:

WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10.09.2025.

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2024.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2026.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10.09.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 6/2025, do 10.09.2025.

Sometida a votación, o pleno do concello por unanimidade dos oito membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.10.2025, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do concello de 2024, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 9 de setembro de 2025, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 173, do 11 de setembro de 2025, e non presentándose durante dito prazo ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do concello de 2024.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2026.

Dada conta do decreto da alcaldía do 27.08.2025, sobre liñas fundamentais do orzamento 2026, que transcrito di:

Vista a obrigación deste Concello de informar antes do 15 de setembro de 2025 sobre as liñas

fundamentais do orzamento para 2026, e de conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Considerando que a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), modificada pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, establece, dentro da instrumentación do principio de transparencia, no seu artigo 27.2 que:

“2.- Antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.”

Considerando que a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF, dentro do Capítulo IV, “Obrigacións de subministración de información no ámbito das Corporacións Locais”, dispón no seu art. 15.1.a), que con carácter anual remitirase antes do 1 de Outubro de cada ano, as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.

Con data de agosto de 2025, na Oficina Virtual do Ministerio habilitouse a aplicación informática correspondente para o envío desta información, así como a Guía informativa correspondente, cuxo prazo de presentación finaliza o día 15 de setembro de 2025.

É preciso destacar que actualmente o Concello de Brión non aprobou definitivamente o orzamento para o exercicio 2025, polo que os datos para comunicar a través da citada aplicación informática se basean nas previsións que se obteñen da execución do orzamento de 2024, prorrogado para 2025, así como dos datos da liquidación do exercicio 2024.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía e Competitividade elaborar periodicamente un informe de situación da economía española. Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Vistas as consideracións do Informe de Intervención Xeral emitido con data de 27 de agosto de 2025.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento 2026 do Concello de Brión elaboradas pola Intervención municipal de acordo coas pautas marcadas por esta Alcaldía, no modelo correspondente do Ministerio de Facenda, que se acompaña a este expediente, e servirá de base para a elaboración do Orzamento do ano 2026.

SEGUNDO.- Remitir as citadas Liñas fundamentais do Orzamento 2026 ao Ministerio de Facenda, polos medios telemáticos habilitados para o efecto na Oficina Virtual e con firma electrónica, o día 15 de setembro de 2025 como prazo máximo.

O Pleno toma coñecemento.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González